



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN ESPAÑA CON ACNUR (COMITÉ ESPAÑOL DO ALTO COMISIONADO DAS NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS) PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “PROTECCIÓN E ASISTENCIA BÁSICA A POBLACIÓN SIRIA REFUXIADA EN LÍBANO”

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia e o apoio ás persoas refuxiadas.

(2) Antecedentes:

No ano 2008 asinouse coa Asociación España con ACNUR, Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados, un Acordo marco de colaboración a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de axuda humanitaria en apoio ás persoas refuxiadas. Nese mesmo ano asinouse a primeira addenda ao Acordo Marco por valor de 50.000 € para actuacións no Chad.

Nos anos 2009 e 2010 asináronse dúas novas addendas para a prestación de axuda de emerxencia ás persoas desprazadas internamente en Somalia e para a poboación refuxiada en Uganda, por importe de 60.000 € e 50.000 €, respectivamente.

No 2011, trala extinción da FAHG, asinouse un convenio de colaboración a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por importe de 25.000 € para o apoio aos refuxiados no leste do Chad, ao que se lle deu continuidade no 2012, asinando un novo convenio de 25.000 € para contribuír a paliar a emerxencia nutricional nos campos de refuxiados de Dadaab, en Kenya. No 2013 asinouse un novo convenio para paliar as consecuencias do conflito sirio por 10.000 €, nos anos 2014, 2015 e 2016 asinouse un



convenio por 20.000€ cada ano, que deu acceso a auga potable as persoas refuxiadas sudanesas no leste do Chad. No ano 2017 o obxecto do convenio asinado por un monto de 20.000 € foi o de prestar asistencia básica á poboación siria refuxiada en Xordania.

En resumo, o importe das achegas da Xunta de Galicia a actuacións de acción humanitaria a través da Asociación España con ACNUR no período 2008-2017 ascende a 300.000 €.

(3) **Finalidade** Co fin de xuntar esforzos e establecer estratexias que dean resposta ás necesidades e aos dereitos da poboación refuxiada e desprazada de Siria tense previsto formalizar co comité español do ACNUR o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de maio ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por **obxecto** contribuír ao proceso de protección internacional dos/as refuxiados/as sirios/as nos países limítrofes e próximos a Siria (Turquía, Líbano, Jordania e Egipto) asegurando o acceso a servizos de emerxencia. Concretamente se trata de garantir a cobertura de necesidades básicas durante 6 meses a 22 familias refuxiadas sirias (132 persoas), que residen nas zonas urbanas de Mount Lebanon, Líbano.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 20.000 € (vinte mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea



(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

P.D. de 8 de xuño de 2010

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior

Pilar Romero Rodríguez

